

REFLEXIÓN PERSOAL ANTE ESTA CONCIENCIA VÍRICA  
(PARA PSICOLOXÍA, HISTORIA DA FILOSOFÍA E VVEE (1º e 2º BACH))

Bos días a tod@s!

Agardo que esteades o mellor posible. Non é unha situación sinxela, todo o contrario, é ben complexa e con moi malos augurios socio-económicos a curto, medio e longo prazo.

Xa sabedes que son un utópico, non me queda outra. Se escoitastes as clases de Marx, eu non sería máis que outro “profesor de filosofía” que teoriza (“ladra”) moito durante o curso (durante toda unha vida) e fai (“morde”) pouco a nivel práctico. Teño “fetiches” como calquera consumidor humano (ou xa quito o de humano?), vivo máis que dignamente no medio da inxustiza e a indignidade, pero non vou loitar ata que me crucifiquen (Cristo), ou ata que me partan a cara e teña que quedar ata sen casa (sendo rico) por cambiar o mundo (Marx).

Aínda así, se alguén le o apartado das utopías na Ilustración, verá que xa dicía Jean Servier na súa Hª da Utopía que todas estas concepcións utópicas ilustradas eran (son) irrealizables, pero que: ***“A utopía é para eles coma un soño que atenúa a súa dor do mundo, a súa dor de vivir sempre da mesma maneira”***.

E iso é agora, aquí e agora (o a priori Kantiano da sensibilidade humana), o que sinto. Dor polo mundo. Mais xa sabedes que o sentía antes, cando vos teimaba unha e outra vez: “Humano son e nada humano me é alleo”, cando me escandalizaba ante este mundo noso tan cruel e desapiadado cos que menos teñen, cando vos dicía que ser moi rico é como para que se che caia a cara de vergoña, que como diaños podemos aturar sen inmutarnos a ferida mortal que eran e son os telexornais.

Porque que cambiou? Cambiou que isto, como case sempre, non está ocorrendo en África, ou en Haití (alguén se lembra da súa case destrución total?), ou na India cos nenos da rúa, non, esta vez, á fin, tocounos, ao suposto primeiro mundo, ás supostas democracias occidentais.

Podería laiar-me de todo o que está a pasar. E láíome por calquera vítima inocente. Sempre o fixen.

Podería falar do mal que o estamos a pasar e do que se nos vén enriba coa economía, etc., etc. Pero creo que xa se falou bastante.

O que quero compartir é o meu soño, a miña penúltima utopía, a miña pequena esperanza, que diría Marcuse, en que esta vez, esta “conciencia vírica” que ten gran parte da humanidade, non sexa un punto e seguido máis na nosa patética historia de memoria corta ante os erros e barbaries. Que sexa un punto e á parte. Un reto, un desafío, unha increíble oportunidade de reformular o que estamos a facer (desfacer máis ben) coas nosas vidas, co noso planeta.

Se algo evidenciou nidia, claramente esta crise sanitaria é que os ricos non son os imprescindibles. Chama a Messi, Ronaldo, ou a todos @s multimillonarios da revista Forbes. Que fan? Son eles os que nos dan de comer? Os que loitan por salvar as nosas vidas? Os que tentan manter os estados activos aínda que de xeito precario e tristemente heroico? Non, verdade?

Non deberíamos tropezar unha vez máis coa mesma pedra e demostrar que somos máis homo parvus que sapiens e que outros seres vivos merecen máis ese grandilocuente cualificativo.

A riqueza ten que ser repartida. Non podemos permitir que o mundo siga aturando unha sociedade na que un 10% da poboación ten tanta renda económica como o 90% restante.

Non podemos permitir que os nosos políticos non estean á altura que demostra estar o pobo. Esixamos que o famoso “Estado social do benestar” sexa a nosa mira central e non palabras no baleiro nunha baleira Europa, nunha baleira “cultura occidental” gobernada por tiranos sen escrúpulos (e non só Trump, e non só Occidente).

Merecemos unha vida digna. Merecemos que se valore tanto o traballo dun labrego como o dun enxeñeiro en telecomunicacións. Merecemos “compartir”, “poñer en común”, “comunizar” os ben e as propiedades.

Se non temos aínda claro despois desta crise, ata que punto chega a nosa fragilidade como individuos illados, de novo, nada terá cambiado a mellor.

O virus non ten fronteiras, non ter cores, non ten bandeiras. Á fin deberíamos decatarnos do que somos (se o somos!), humanos!, e como tales, estamos na obrigaón persoal e colectiva de comezar de cero se é preciso. Non só un reparto equitativo, unha redistribución xusta da riqueza, senón tamén, o fomento activo de actitudes que ante este estupor saen do mellor que temos dentro: a empatía, a xenerosidade, o recoñecemento do esforzo.

Temos que mirarnos aos ollos nos balcóns, temos que coñecer e empatizar co outro, co supostamente alleo, diferente, ata competidor neste macabro sistema.

Non veño a descubrir nada, só o que tantas e tantos dixeron antes: “Unidos venceremos, divididos caeremos”.

Berro a necesidade agónica dun pacto mundial por unha auténtica humanidade baseada nos mesmos principios polos que loitaron actores tan diversos e ata contrarios como Cristo, os revolucionarios franceses, Marx e o seu comunismo, a xuventude do Maio do 68 francés: “liberdade, igualdade e fraternidade”.

Se non tomamos ese camiño, se non empezamos a pensar como unha comunidade, unha polis ética que quere un mundo xusto e digno, un planeta limpo e san, entón sempre seguiremos por esta senda do capitalismo salvaxe, do comunismo ditatorial e dos eternos esquecidos na miseria.

Este pode e debe ser o momento. Ou imos esperar a que a natureza nolo teña que dicir á fin definitivamente? Ou cambiamos, ou afrontamos a ardua e marabillosa tarefa de, de verdade (non só en palabras) non querer deixar a “ninguén atrás”, porque todos somos humanos, e como humanos non deberíamos mirar unha vez máis para outro lado cando todo isto amaine ou cese.

Non. Estoupemos o funeral do caníbal monopolio, cambiemos a nosa conciencia vírica que só responde ao medo e analicemos que necesidades debe ter cubertas calquera humano, e son ben poucas, pero imprescindibles: vivenda digna, traballo digno, sanidade digna, educación digna, transporte público digno... Comecemos a esquecer fetiches que só nos fan ser os seus escravos, consumistas, integristas do diñeiro.

Podemos cambiar o mundo, claro que podemos! O primeiro paso xa o dixo Kant, deixar de ser “minores de idade”, comezar a pensar por nós mesmos e poñernos en primeira liña na batalla por un novo pensamento que non permita, que imposibilite por vomitivo, o individualismo indiferente que nos caracteriza, que non permita mortos de primeira, de segunda e de novena, traballadores de primeira, segunda, novena ou sen traballo, nenas e nenos descalzos pedindo esmola polas rúas, recorrentes catástrofes naturais (moitas que nós inducimos) con resultados ben distintos dependendo de onde tiveras a fortuna ou non de nacer, xeopolítica ao servizo duns estados todopoderosos, maquiavélicos, insensibles, que xogan ao macabro xadrez en tantos lugares do mundo, xogan con nós, peóns de usar e tirar para a industria da fame e a guerra.

Quero quedar con eses diamantes solidarios e compartidos que estamos a vivir estes meses, porque creo que esa é a lección que non podemos deixar de escoitar esta vez. Non é aturable para un sapiens seguir reproducindo a actual situación global de inhumanidade humana.

Que o virus se converta no sinal que active o mellor que temos dentro. Seguramente, moitas e motos máis dos que pensamos, de seguro, moito máis dos que desexarían os que manexan tolamente este tolo mundo.